

Como vai todo familias?

As profes de catro anos seguimos a elaborar actividades coa finalidade de que teñades recursos aos que acudir durante estes días, que a miúdo resultan moi longos (especialmente para os nenos). Queremos insistir, unha vez máis, que todas as propostas son de carácter **VOLUNTARIO** e que están pensadas para pasar un tempo de calidade e desfrute en familia. Do contrario é preferible non facelas i elexir outras opcións que resulten máis satisfactorias para todos.

Somos conscientes de que son actividades que esixen moita implicación por parte das familias e por iso esta semana añadimos ao final deste planning unha serie de fichas de diverso tipo por se preferides esta maneira de traballo menos esixente para vós. Calquera das opcións nos parecen interesantes. Moitas grazas pola vosa colaboración!!!!

As actividades propostas polos diferentes especialistas (Música, Psicomotricidade, Tics e Inglés) non aparecen dentro deste PLANNING SEMANAL, pero están colgadas na páxina web tamén.

EMPEZAMOS???

LUNS

Luns outra vez, que tal se escoitamos ou vemos o conto de Mariluz a Avestruz

<https://www.youtube.com/watch?v=iBtUNd4DTbg>

<https://www.youtube.com/watch?v=iBtUNd4DTbg>

1. Convértete en cada animal do conto e fai de Mariluz, de cebra, antílope,
2. Canta e baila a canción de Mariluz.
3. Cómo vas co calendario?
4. Cantos días faltan para rematar o mes? Lembra rodear o día de hoxe e tacha o de onte,...
5. Despois de marzo, que mes virá? Se che sae ben serás capaz de facer os xogos de xogar a pensar xa que mañán terás que prever consecuencias.

MARZO

						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

MARTES

XOGAR A PENSAR; FILOSOFÍA PARA NENAS/OSPREFER CONSECUENCIAS

Anticipar consecuencias é unha habilidade de previsión. Cando prevemos traballamos coa imaxinación e coa reflexión sobre a causa e o efecto.

Pensa qué consecuencias se seguirán das seguintes situacións;

Seguro, probable ou posible

- Se hoxe é martes, mañá será.....
- Se como moitos caramelos,.....
- Se agora é primavera, pronto será.....
- Se quero ser médico,.....

Debuxa nun papeliño as consecuencias de
*Cando chove,.....Cando vou limpo e arreglado,.....

Continuamos co traballo da semana pasada.

- Cantas cores ves no cadro.



MÉRCORES

UN RETO...SERÁS CAPAZ DE FACER UN PUZZLE CO DEBUXO DO TEU CORPO?


Para motivarnos e identificar inicialmente o noso esquema corporal , nestes enlaces podedes bailar e cantar as partes do corpo.

<https://www.youtube.com/watch?v=MsHM0Fo3bxQ>

https://www.youtube.com/watch?v=71hiB8Z-03k&list=RD71hiB8Z-03k&start_radio=1

- 1- Comezamos familiarizándonos coas partes da cara e a cabeza: calcamos un círculo nun folio (o máis grande posible) e facemos distintas caras nel con distintos materiais (tapóns, macarróns, paquetis ...) para facer os ollos, o nariz, o pelo, a boca, as orellas, cellas e a pestanas.
- 2- Recollemos e co mesmo círculo, pegámolo nun espello debaixo do reflexo da nosa cabeza, logo debuxamos as partes da nosa cara nel (con ceras ou rotuladores) mirando ben como é a nosa cara no espello. Isto sería un autoretrato !
- 3- Xa temos a cabeza! Agora noutro folio facemos só o tronco (pode ser un triángulo grande, un rectángulo, un óvalo... e coloreámolo.
- 4- Finalmente facemos cada extremidade nun folio (un brazo e a man nun folio, o outro noutro folio, unha perna e o pé nun folio e a outra noutro folio). Tamén os coloreamos.

5-E xa temos o noso puzzle ! só queda montalo . Que tal vos quedou?



E para rematar podemos observar:

- cantas folios precisamos para facer as extremidades?
- Para o corpo e a cabeza?
- Cantas pezas ten o noso puzzle en total?

Xoga a facer distintas posturas e "corpos tolos" e se te animas, outro día podes recortar as distintas partes do tu corpo e pegalas unidas para que pareza de verdade, **espero que te divirtas!!**

XOVES

" Coñecemos os nomes dos membros da nosa familia " traballaremos a lectoescritura como sempre facemos no cole, dunha maneira funcional e significativa para os nen@s partindo da súa realidade

máis próxima. Neste caso os nomes dos membros da súa familia. Sempre utilizando letras maiúsculas. A actividade sería:

1.- Cantos somos na casa? Escribimos a resposta en número.

Podemos aproveitar para facer preguntas tipo: se fomos un máis? Se fomos un menos? Non fai falla escribir todas estas respostas .

2.- Facer unha lista copiando os nomes dos membros da familia.

3.- Repasar de vermello a primeira letra de cada nome e dicir que letra é .

4.- Cantas letras ten cada nome, escribir o número ao lado.

5.- Cal é o nome máis longo?

6.- Cal é o nome máis curto?

7.- Identificar as vogais de cada nome. Podemos aproveitar as cancións que traballamos na clase sobre vogais (" Éxito vogal" Brinca Vai - " La ronda de las vocales") . As vogais xa empezan a recoñecelas en minúscula así que se lles apetece tamén poden facelo. Na APP de SM que recomendamos esta semana tedes cancións e trazos de vogais.

8.- Rodear as vogais de cada nome.

9.- Facer un debuxo dos membros da túa familia.

EXEMPLO:

OS NOMES DA MIÑA FAMILIA

CANTOS SOMOS NA CASA? _____

LISTA DE NOMES:

N.º LETRAS

1.- _____

2.- _____

3.- _____

4.- _____

5.- _____

DEBUXO Á MIÑA FAMILIA

VENRES


Remata a semana e comezan as vacacións!!!! Hoxe imos xogar á "busqueda do tesouro" coa finalidade de reforzar os conceptos espaciais traballados na localización dun obxecto. Como todos sabedes é un xogo de pistas, e aquí tedes unha serie de pautas:

1.- Empezade ocultando un tesouro (pode ser unha chuche, un conto, un xoguete.... O que vós consideredes).

2.- Elaborade tarxetas moi sinxelas, que van ser as pistas. Cada tarxeta ten que levar un número e un pequeno texto (neste caso precisarán da vosa axuda) ou debuxo que eles soños poderán identificar. Exemplo:

PISTA 1:
DENTRO DA NEVERA

PISTA 1:



3.- As nocións espaciais a utilizar serían: dentro-fóra, preto-lonxe, abaixo-arriba, diante- detrás, a un lado - ao outro lado, no medio.

4.- As pistas deben invitar á diversión, a ubicación das mesmas aconsellamos que sea un pouco disparatada.


5. Podedes elixir o número que queirades de pistas pero tende en conta que se é moi numeroso vains a aburrir.

Que empece o xogo. A disfrutar!!!

Tal e como facemos no cole, despois de vivenciar as nocións espaciais co propio corpo o paso seguinte sería representar e interpretar o espazo nun debuxo. Neste caso nunha ficha que vos deixamos a continuación por se vos interesa facer. Atentos porque require un pouquiño de concentración..

REALIZA A FICHA SEGUINDO AS INSTRUCIÓN


- 1.- Debuxa un círculo enriba da lúa.
- 2.- Debuxa un triángulo debaixo da lúa.
- 3.- Debuxa un sol a un lado e ao outro lado da lúa.
- 4.- Debuxa unha árbore lonxe do círculo.
- 5.- Debuxa unha nube preto do círculo.
- 6.- Debuxa un cadrado nunha esquiniña.
- 7.- Debuxa unha cara dentro do último cadrado.
- 8.- Escribe o teu nome fóra dos cadrados.



NOME: _____

As seguintes fichas son a outra opción que vos falabamos ao principio. Para realizalas, os nen@s non van precisar un seguimento continuo pola vosa parte pero si as instrucións iniciais da ficha.

Moitas grazas pola vosa colaboración!!!!





1 1 1 1 1 1 1 1

2 2 2 2 2 2 2 2

3 3 3 3 3 3 3 3

4 4 4 4 4 4 4 4

5 5 5 5 5 5 5 5


 Kesik çizgilerin üzerinden geçerek sayıları tanımlayalım.



Número 4

Capacidad: Identifica y establece en colecciones de objetos la relación entre el número y la cantidad.

1. Traza el número 4; luego, forma conjuntos de cuatro elementos y píntalos. Finalmente, completa el recuadro:




The image shows a large rectangular box containing a tracing guide for the number 4 on the left and a collection of 12 flowers on the right. The tracing guide consists of a large outline of the number 4 with three numbered arrows indicating the stroke order: 1 (downward vertical stroke on the left), 2 (horizontal stroke across the middle), and 3 (downward vertical stroke on the right). Small black dots are placed at the top and bottom of each vertical stroke. To the right of the tracing guide is a 3x4 grid of 12 identical five-petaled flowers, each with a central dot.



Número 5

Capacidad: Identifica y establece en colecciones de objetos la relación entre el número y la cantidad.





1. Traza el número 5 y colorea cinco de los caracoles. Finalmente, completa el cuadro:



5 5 5 5 5 5 5

5 5 5 5 5 5 5

5 5 5 5 5 5 5





U

u

u

u

u








u

u

u

u






u



CÍRCULO




ÓVALO










Repasa y colorea la letra e





Repasa y colorea la princesita i

toycaarecursos.blogspot.com



Name: _____

--	--	--	--	--

